

I.E.S. “Primeiro de Marzo”

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

CURSO 2022-2023

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

2.2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

2.3. ANALISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

2.4. NECESIDADES PRIORITARIAS

3. PLANIFICACIÓN XERAL

3.1. ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

3.2. OBXECTIVOS

3.2.1. OBXECTIVOS XERAIS

3.2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

A. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

B. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

C. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3.3 TEMPORALIZACIÓN

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

4.1. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

4.2. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA-PROFESIONAL.

4.3. PLAN DE APOIO Ó PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/ 2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 1º.f, establece a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional entre os principios do sistema educativo.

Así mesmo no artigo 55º, establece: *A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade e mellora da ensinanza.*

Os artigos 60.1 e 60.2 da citada lei dispoñen: *A titoría e orientación dos alumnos/as formar á parte da función docente. Corresponde ós centros educativos a coordinación destas actividades. Cada grupo de alumnos/as terá un profesor titor.*

MARCO LEGAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.

O Decreto 324/96, 26 de Xullo que establece o regulamento orgánico dos I.E.S, crea os Departamentos de Orientación nos Centros de Educación Secundaria, regulándose posteriormente polo Decreto 120/98 e a orde do 24 de Xullo de 1998 que o desenvolve , establecendo no artigo 5º as seguintes **funcións:**

- *Valorar as necesidades educativas , no ámbito da orientación, dos alumnos/as do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.*
- *Elaborar, de acordo coas directrices da comisión de coordinación pedagóxica, as propostas do Plan de Orientación Académica e Profesional, e do Plan de Acción Titorial, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle soporte técnico ao profesorado.*
- *Deseñar accións encamiñadas á atención temperá do alumnado do Centro e centros adscritos.*
- *Colaborar na elaboración do PEC e PCC incidindo nos aspectos psicopedagóxicos e na atención á diversidade do alumnado.*
- *Participar na avaliación psicopedagóxica e na organización dos apoios ó alumnado con necesidades educativas específicas de apoio educativo (NEEAE).*
- *Facilitarlle ó alumnado asesoramento e apoio cando sexa necesario.*
- *Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais de cara a favorecer a súa toma de decisións e a autoorientación.*
- *Cooperar cos membros do Equipo de Orientación Especifico no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.*
- *Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.*
- *Promover a cooperación coas familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.*
- *Establecer canles de comunicación con outros servicios e institucións da zona.*
- *Coordinar a Orientación Profesional e laboral con outras administracións ou institucións.*

I.E.S. “Primeiro de Marzo”

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

Enténdese polo tanto a Orientación como un proceso continuo e integrado na actividade educativa ordinaria. Non pode considerarse como unha actuación periférica, levada a cabo de forma solitaria polo orientador/a, xa que tanto na súa planificación como no seu desenvolvemento, véñse comprometidos a comunidade educativa.

A orientación ten como obxectivos prioritarios o asesoramento e avaliación do proceso de ensinanza e aprendizaxe dirixidos a toda a comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias e persoal non docente).

Polo tanto, o Departamento de Orientación, como órgano de coordinación docente asume a responsabilidade de organizar programas educativos adaptados ás necesidades deste centro, sendo necesario un plan de actuación conxunto con tódolos sectores implicados neste proceso educativo.

Os principios nos que se fundamenta o labor orientador son os seguintes: prevención, planificación, cooperación, curricularidade, continuidade, desenvolvemento persoal e intervención social.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

2.1 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O I.E.S. Primeiro de Marzo de Baiona, imparte ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O), Bacharelato, Ciclo Formativo de Grao Superior de Animación Socio-cultural e Turística, Programa de Formación Profesional Básica de Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios.

Conta cun total duns 400 alumnos/as aproximadamente, distribuídos en 20 grupos e da seguinte forma:

- Educación Secundaria Obrigatoria: 10 grupos, grupos de 2º PMAR e 3º PDC incluídos.
- Bacharelato: 6 grupos.
- Ciclo Formativo de Grao Superior: 2 grupos.
- Formación Profesional Básica: 2 grupos.

As Modalidades impartidas no Bacharelato son: Bacharelato Científico-Tecnolóxico e Bacharelato de Ciencias Sociais-Humanidades.

2.2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación estará integrado neste curso polas seguintes persoas do I.E.S.:

- A profesora de ámbito lingüístico-social: Dna. María Cruz Domínguez Pérez
- O profesor de ámbito científico-tecnolóxico: Dna. M. José Gómez Boo.
- A profesora de pedagogía terapéutica: Dna. M. Teresa García Fernández.
- A profesora da especialidade de psicoloxía e pedagogía, xefa do departamento: Dna. Ana M. González Vázquez.

2.3 ANALISE DAS NECESIDADES EDUCATIVAS

A diversidade de niveis educativos que atopamos no Centro, a heteroxeneidade do alumnado existente dadas as diferentes idades cronolóxicas e psicolóxicas, fan necesario accións preventivas e de tratamento á diversidade dirixidas tanto a infancia como a adolescencia e xoves.

2.4 AS NECESIDADES PRIORITARIAS

- Organización das titorías na E.S.O e artellamento do Plan de Acción Titorial, que abranguerá tódalas etapas impartidas no Centro.
- Avaliación, seguimento e asesoramento nas medidas a adoptar co alumnado con NEEAE, recollido no Plan de Atención á Diversidade.
- Asesoramento ao profesorado en todo o relativo ás medidas de atención á diversidade: accións preventivas, medidas ordinarias de atención nas aulas, adaptación dos instrumentos de avaliación, apoios, optatividade, adaptacións curriculares non significativas e significativas; exencións na 2ª lingua estranxeira, programas de mellora do aprendizaxe e rendemento, formación profesional básica...
- Impulsar a orientación académica e profesional do alumnado e das familias, favorecendo o autoconñecemento e toma de decisións que o entorno ofrece.

I.E.S. "Primeiro de Marzo"

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

- Impulsar a coordinación entre o profesorado e as familias implicándoas no proceso educativo dos seus fillos/as.
- Fomentar a coordinación entre o profesorado de cara a establecer criterios comúns sobre:
 - Mellora da convivencia no Centro e nas aulas, recollido no Plan de Convivencia do Centro e na implementación do TEI no centro.
 - Programas preventivos de acompañamento emocional e conductas saudables.
 - Aprender a estudar, cada profesor/a na súa área de competencia.
- A circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia:
 - Actuacións relacionadas coa inclusión e a diversidade.
 - Actuacións relacionadas coa acción tutorial.
 - Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores.
 - Relacionadas co plan de orientación, plan anual e memoria.
 - Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade.
 - Relacionadas co drdoriente.
 - Relacionadas coa aprendizaxe permanente e as saídas profesionais.
 - Relacionadas coa coordinación dos departamentos de orientación adscritos e de zona.
 - Relacionadas coa atención á diversidade.

3. PLANIFICACIÓN XERAL

3.1 ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

No cumprimento das funcións que ten encomendadas o Departamento de Orientación, as actividades levaranse a cabo nos ámbitos seguintes:

- Plan de atención á diversidade.
- Plan de acción tutorial.
- Plan de orientación académica e profesional.

As accións a desenvolver nestes ámbitos diríxense ao profesorado, ao alumnado e ás familias.

3.2 OBXECTIVOS

3.2.1 OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos xerais do Plan serán os mencionados na introducción, segundo as funcións do departamento establecidas no Decreto 120/1998 e na Orde do 24 de Xullo de 1998 polos que se organiza e regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2.2.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

A. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

OBXECTIVOS DESTINADOS AO ALUMNADO:

- Favorecer o desenvolvemento psicosocial dos/as alumnos/as.
- Coñecer e valorar as características e particularidades de cada alumno/a.
- Impulsar a integración do alumno/a na aula e a súa participación nas actividades do centro.
- Facilitar o coñecemento de sí mesmo/a.
- Realizar o seguemento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e previr dificultades.
- Facilitar a toma de decisións académico e profesionais.
- Mellorar a convivencia no centro e na aula.
- Impulsar os temas transversais: educación para á saúde , educación para a paz, educación para a igualdade dos sexos...

OBXECTIVOS DIRIXIDOS AO EQUIPO EDUCATIVO:

- Asesorar na coordinación da acción educativa do profesorado.
- Coordinar o traballo das titorías e asesorar no desempeño da acción titorial, fundamentalmente en ESO, PMAR, PDC, FPB E Bacharelato.

I.E.S. "Primeiro de Marzo"

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

- Asesorar ao profesorado no relativo a convivencia, ás técnicas de traballo intelectual, dinamización grupal, hábitos de estudo, programas de ensinar a pensar...
- Detectar dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar na coherencia educativa no desenvolvemento das programacións didácticas e inclusión de medidas de atención á diversidade nas mesmas.
- Asesorar no proceso avaliador.

OBXECTIVOS COAS FAMILIAS

- Axudar á implicación das familias no proceso educativo.
- Cooperar nas relacións titores/as-familias, na resolución dos problemas que afecten aos seus fillos/as.
- Orientar ás familias de forma individual e/ou colectiva sobre temas do seu interese.
- Colaborar no fomento da participación das familias nas actividades do Centro.
- Colaborar coas familias no seguimento dos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe e necesidades educativas específicas.

OBXECTIVOS CO CENTRO:

- Axudar á coordinación da comunidade educativa.
- Colaborar co equipo directivo e docente nas accións encamiñadas ao desenvolvemento da acción tutorial.
- Ofrecer a información necesaria á Comisión de Coordinación Pedagóxica de cara ao establecemento das directrices para a elaboración do PAT.

OBXECTIVOS CON OUTRAS INSTITUCIÓNES:

- Potenciar unha escola aberta ao entorno.
- Coordinar as distintas actividades e accións que relacionen a acción tutorial con outras institucións do entorno.
- Favorecer a colaboración do Centro coas empresas do entorno de cara a facilitar a inserción laboral.

B. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL

OBXECTIVOS DIRIXIDOS AO ALUMNADO:

- Favorecer o seu autoconñecemento, características e intereses.
- Facilitar o coñecemento das diferentes opcións académicas e profesionais, dotándoos da información necesaria para a toma de decisións.
- Orientar ao alumnado tanto colectiva como individualmente favorecendo a súa madurez vocacional.

OBXECTIVOS DESTINADOS AO PROFESORADO:

- Ofrecer asesoramento ao profesorado en programas de orientación académica e profesional.

OBXECTIVOS COAS FAMILIAS:

- Ofrecer asesoramento e información ás familias: optatividade, estrutura do sistema educativo, o mundo laboral.
- Contribuír á súa formación e desenvolvemento de accións comúns no centro educativo e no fogar.

OBXECTIVOS DIRIXIDOS AO CENTRO:

- Ofrecer a información necesaria á CCP de cara ao establecemento das directrices para a elaboración do Plan de Orientación Académico-Profesional.
- Colaborar co equipo directivo e coa vicedirección na organización de actividades que favorezan a orientación do alumnado.

OBXECTIVOS CON OUTRAS INSTITUCIÓN:

- Coordinar as distintas actividades encamiñadas á integración e inserción laboral do alumnado.

C. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

OBXECTIVOS:

- Facilitar que o proceso de aprendizaxe se realice nas mellores condicións posibles para cada alumno/a, tendo en conta as súas capacidades e características individuais.
- Identificar os casos de alumnado con deficiencias de aprendizaxe e intervir con medidas de atención que corrixa no posible a situación que produce esas deficiencias.
- Organizar respostas educativas ordinarias ou extraordinarias para o alumnado con necesidades educativas específicas.
- Colaborar no seguimento do alumnado con NEAE.
- Desenvolver un sistema de avaliación útil, que identifique e permita corrixis os problemas detectados no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Facilitarlle ó profesorado a adquisición de recursos que lle permitan afrontar con éxito a situación de ensinanza-aprendizaxe.
- Promover as actividades de coordinación entre o profesorado.
- Promover o ensino de técnicas de aprendizaxe en cada materia.
- Promover o ensino de contidos transversais nas diferentes materias.
- Fomentar a implicación e participación das familias no proceso de ensinanza-aprendizaxe dos/as seus fillos/as.
- Incrementar a colaboración das familias co profesorado e en xeral a súa participación nas actividades do Centro.
- Promover a colaboración con profesionais e entidades do nosa contorna (outros centros de ensino, centros de saúde, concello, Equipo de Prevención de Drogodependencias...) para proporcionar ao alumnado tanto información coma a posibilidade de participar en actividades educativas utilizando os recursos da súa contorna.

3.3 TEMPORALIZACIÓN

As actividades presentadas no Plan desenvolveranse ao longo de todo o curso, seguindo unha estruturación trimestral e tendo en conta as liñas de intervención prioritarias que nun principio se estableceron:

CALENDARIO DE REUNIÓN:

- Reunión semanais dos membros do departamento de orientación, incidindo no traballo coordinado coa P.T. do IES.
- Reunións trimestrais da xefa do departamento cos responsables da orientación educativa dos centros adscritos de primaria de Oia, Sabarís e Fontes-Baiña e CPI Covaterreña de Baiona.
- Atención ao alumnado do IES: tódolos recreos da semana de 11:00 a 11:30.
- Atención ás familias: dúas sesións á semana, previa petición de cita.
- Coordinación coa xefatura de estudos: semanal
- Atención ás necesidades específicas de grupos de alumnos/as: varias sesións de tutoría do alumnado ao longo do curso.
- Coordinación semanal cos titores/as de E.S.O., previsto no horario deste profesorado con periodicidade semanal.

4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

1. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

INTERVENCIÓN CO ALUMNADO

En relación co alumnado considerado individualmente preténdese:

- Axudar aos alumnos/as a se coñeceren mellor a si mesmos/as e a coñecer á súa contorna escolar, familiar e social.

I.E.S. "Primeiro de Marzo"

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

- Facilitar procedementos e instrumentos de organización persoal.
- Incrementar a motivación e o rendemento na aprendizaxe.
- Facilitar os procesos de toma de decisións sobre itinerarios académicos e profesionais.

En relación co alumnado considerado como grupo preténdese:

- Propiciar a integración na vida activa do centro.
- Analizar o funcionamento dos grupos: motivación, expectativas, rendemento, relacións persoais...

Actividades de atención individualizada:

Ao longo do curso o profesor ou profesora-titora manterá entrevistas individuais co alumnado. Contará co apoio e colaboración do Departamento de Orientación para participar nestas entrevistas.

As entrevistas individuais cos alumnos e alumnas responden a tres tipos de motivos:

- Para facilitar e recoller información sobre os seus progresos e animar a superar as dificultades ou para aconsellar sobre opcións de estudos.
- Sempre que sexa necesario mellorar algún aspecto e non resulte idónea a intervención en grupo pola especificidade do problema.
- Cando haxa que actuar en situación de crise.

Actividades de tutoría lectiva grupal:

No inicio de cada sesión reservaranse uns minutos para revisar as tarefas ou propósitos encomendados na sesión anterior. Tamén se dará opción a que os/as alumnos/as podan falar, se é o caso, de cuestións relacionadas co grupo que queiran tratar.

Despois tratarase o tema que se vai traballar na sesión. O/a titor/a pódese valer de textos, materiais audiovisuais ou das súas propias explicacións. É importante explicar os obxectivos e xustificar a necesidade de dominar a habilidade sobre a que se vai traballar (técnica de aprendizaxe, habilidades sociais...) É necesario que os alumnos e alumnas vexan o que van acadar e a utilidade das tarefas propostas.

A maior parte da sesión de tutoría reservárase para as actividades do alumnado. Dependendo das habilidades que se traballen, o alumnado, en grupo ou individualmente realizarán tarefas diversas: xogos, cuestionarios, elaboración de textos, lectura, debates...

Os últimos minutos da sesión utilizaranse para tirar conclusións e propoñer, se é o caso, tarefas para fóra da aula, aplicando o que se aprendeu.

I.E.S. "Primeiro de Marzo"

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

Os materiais necesarios para o desenvolvemento destas actividades sonlles proporcionados ós/ás titores/as polo Departamento de Orientación.

Contidos da acción tutorial

A programación de actividades vai ser aberta, pois no caso contrario non poderíamos responder ás características individuais e grupais do alumnado nin ás súas motivacións e intereses mais a partir dos obxectivos enunciados estableceremos unha serie de contidos orientativos, que se desenvolverán adaptándose ás necesidades de cada grupo.

- Integración no centro e participación no grupo:
 - Actividades de acollida.
 - Dereitos e deberes.
 - Organización e participación na vida do centro.
 - Relacións entre os membros do grupo.
 - Habilidades sociais.
- Desenvolvemento persoal:
 - Motivación .
 - Autoconceito.
 - Autorrealización.
 - Análise do propio comportamento.
 - Toma de decisións.
- Tratamento de temas transversais (Educación para a saúde, igualdade...)
- Seguimento da aprendizaxe.
- Orientación vocacional e profesional (principalmente na fin de etapa).
- Estratexias de aprendizaxe:

I.E.S. “Primeiro de Marzo”

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

-
Planificación do estudo.

- Estratexias e técnicas de estudo (darémolles especial relevo á comprensión lectora)

- Exercitación de habilidades: razoamento lóxico, resolución de problemas, creatividade, memorización...

- Avaliación da titoría.

INTERVENCIÓN COAS FAMILIAS

A comunicación entre o profesorado e a familia é un dos elementos clave para o éxito do alumnado.

É necesario coñecer as condicións familiares do alumnado. Este coñecemento permitiranos detectar posibles conflitos e situacións problemáticas no ámbito familiar, que inflúen no rendemento académico e tratar de adoptar solucións para atallar os problemas escolares.

A colaboración das familias co profesorado permitiranos unha incidencia máis fonda no proceso de aprendizaxe do alumnado e polo tanto a mellora nos resultados.

O/a profesor-titor/a ten no seu horario semanal unha sesión de 50 minutos para recibir aos pais/nais. Isto permítelle manter periodicamente entrevistas individuais, para coñecer e valorar as necesidades concretas do/a fillo/a, o proceso seguido e os resultados acadados.

Cando o/a titor/a o considere conveniente pode solicitar a colaboración e participación do Departamento de Orientación nas entrevistas coas familias.

INTERVENCIÓN CO PROFESORADO

Unha das tarefas fundamentais do/a profesor-titor/a é a de coordinar o equipo educativo para tratar de acadar, na medida do posible unha coherencia entre as distintas disciplinas, procurando o traballo do equipo e a aplicación de sistemas de ensino e intervencións non contradictorios.

O/a titor/a proporcionaralle ó profesorado a información obtida na súa función titorial que sexa pertinente e significativa. Por outra parte, tamén recollerá de cada profesor/a información sobre o progreso e dificultades de cada alumno/a nas diferentes áreas.

Sempre que o considere necesario, por existir algunha situación conflictiva ou extraordinaria, convocará reunións do equipo educativo para analizar a marcha do grupo e adoptar as medidas que sexan precisas.

2. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA-PROFESIONAL

ACTUACIÓNS CO PROFESORADO

Proporcionaráselle ós/ás profesores-titores/as programas para a orientación académica e profesional. Estes materiais serán utilizados nas titorías de 4º de ESO e 2º de Bacharelato... Proporcionaráselle tamén ás titorías folletos e materiais informativos sobre opcións académicas e profesionais.

Dedicaranse varias sesións de titoría en tódolos cursos da ESO á orientación académica e profesional, utilizando programas e/ou cuestionarios de información e autoconecemento, así como aqueles que favorezan a toma de decisións do alumnado.

Na avaliación final de 4º de ESO, o equipo docente, coordinado polo/a titor/a, co asesoramento do Departamento de Orientación, tendo en conta as capacidades e intereses de cada alumno/a, emitirá o Consello Orientador, que logo o/a profesor-titor/a lle entregará a cada alumno/a.

Nas avaliacións finais dos outros niveis educativos, o equipo docente, coordinado polo/a titor/a, tamén recomendará as materias optativas e itinerarios que se consideren máis adecuados, tendo en conta as capacidades e os intereses do alumnado.

ACTUACIÓNS CO ALUMNADO

O Departamento de Orientación fará chegar ó alumnado información sobre os estudos e opcións profesionais.

Os alumnos e alumnas do centro poderán consultar no Departamento de Orientación materiais informativos sobre estudos e opcións profesionais.

Os alumnos/as do centro poderán solicitar consello tanto ós/as titores/as como no Departamento de Orientación sobre as opcións académicas e profesionais máis adecuadas á súa realidade.

Os/as titores/as e o Departamento de Orientación proporcionarán ó alumnado información sobre posibles estudos ao rematar no noso instituto; acceso ao mundo laboral; recursos educativos e profesionais da zona; recursos para trasladarse a estudar a outros lugares (bolsas, residencias...)

I.E.S. “Primeiro de Marzo”

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

Organizaranse charlas informativas para o alumnado que finalice unha etapa no instituto e simultaneamente entrevistas personalizadas para responder aos seus intereses e coñecer en que nivel de decisión está cada un/unha.

Organizaranse visitas, cando se poda, para o alumnado que finalice unha etapa a centros educativos ou feiras de orientación, onde se impartan ciclos formativos, para que poidan ter contacto directo cunha opción académica diferente.

ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS

As familias do alumnado recibirán a través dos/as profesor-titores/as e do Departamento de Orientación, información sobre as opcións académicas e profesionais que o equipo educativo considera máis axeitadas para os/as seus/súas fillos/as, tendo sempre en conta as súas preferencias e opinións.

4.3. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ACTUACIÓNS CO PROFESORADO

- Participación nas sesións de avaliación, para asesorar e colaborar na detección de problemas e busca de solucións para os mesmos.
- Organización de actividades de asesoramento sobre aqueles aspectos para os que o profesorado demande apoio.
- Colaboración nas actividades de coordinación entre diferentes profesores/as e Departamentos Didácticos. En colaboración coa Xefatura de Estudos e cos/as titores/as convocaranse reunións, cando proceda, do Equipo Educativo, encamiñadas a establecer medidas comúns, para solventar problemas concretos.
- O Departamento de Orientación facilitará ao profesorado asesoramento e materiais para traballar temas transversais (prevención de drogodependencias, educación para a paz, coeducación...)
- O Departamento de Orientación facilitará ó profesorado asesoramento e recursos para traballar estratexias de aprendizaxe básicas en cada materia.

I.E.S. "Primeiro de Marzo"

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

ACTUACIÓNS CO ALUMNADO

- Avaliación psicopedagóxica naqueles casos en que se detecten necesidades especiais de carácter cognitivo, social...
- Implicación do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe, con actuacións que favorezan a asunción de responsabilidades e a motivación
- Dotación de estratexias e hábitos básicos de estudo para poder acceder aos coñecementos.

ACTUACIÓNS COAS FAMILIAS

- Ofertaráselles aos pais e nais dos nosos alumnos e alumnas a posibilidade de participar na Escola de Nais/Pais que coordinará o Xefe do Equipo de Prevención de Drogodependencias do Val Miñor.
- Repartiranse entre os pais do noso alumnado folletos informativos con recomendacións útiles para axudar na formación dos seus fillos/as, fomentando a colaboración na liña educativa do centro.
- Realizaranse, en colaboración cos titores/as entrevistas cos pais e nais de alumnos/as aos que se lles fai un especial seguimento (problemas de conducta e/ou aprendizaxe, problemática persoal, pertenza a grupos especiais de atención á diversidade...)

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Ao longo de todo o proceso, tódolos axentes implicados, irán recabando información do desenvolvemento do mesmo en tódolos seus ámbitos. Isto permitirá reorientalo e adecualo, ao máximo posible, ás necesidades reais, sendo este un documento flexible.

Teranse en conta as suxestións do profesorado, familias e alumnado, en calquera programa a levar á práctica, para unha maior implicación da Comunidade Educativa.

Ó finalizar o curso, reflectiranse na memoria do departamento as conclusións e as propostas de mellora.

Incluirase na memoria información relativa a:

- Grao de consecución dos obxectivos.
- Adecuación dos contidos e actividades.
- Adecuación dos materiais e recursos empregados.
- Participación do alumnado.

I.E.S. “Primeiro de Marzo”

Rúa Virxe da Rocha, 20

36300-Baiona (Pontevedra)

Tif.- 886110127. Fax.-886110138

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesprimeiromarzo/>

Correo electrónico: ies.primeiro.marzo@edu.xunta.es

- Participación das titorías e profesorado.
- Colaboración das familias.
- Propostas de mellora recabadas ao longo do proceso.

Para o seguimento e avaliación do PAT, PAD e POP dispórase dunhas follas de seguimento para titores/as e alumnado, onde valorar as actividades realizadas e que servirán para mellorar ou modificar as mesmas en vindeiros cursos e optimizar con isto a calidade do Plan de Orientación.

En Baiona, a 28 de outubro de 2022.

A profesora da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía,

xefa do departamento.

Asdo:

Dna. Ana María González Vázquez.